

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A NOVA LUDOTECA ENGADE COR A ÁREA PEDIÁTRICA DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

- A conserveira *Jealsa* promove a creación do “Carriño dos sorrisos” que desenvolve un programa lúdico-pediátrico todos os días nas habitacións

Santiago, 6 de xullo 2022- As nenas e nenos ingresados no Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago contan cun novo programa lúdico-pedagóxico grazas ao acordo coa conserveira boirense *Jealsa*, a través do seu programa de *RSC WeSea*. Con este proxecto, un equipo de profesionais, en coordinación coa aula Hospitalaria do Servizo de Pediatría, leva a cabo actividades diarias de entretemento nas habitacións do “Carriño dos Sorrisos”, intervindo tanto cos pacientes como coas súas familias, tentando paliar o impacto emocional do ingreso dos nenos.

Este tipo de actuacións nos centros sanitarios con asistencia pediátrica é complexo, distinto, retador e, aínda actualmente, descoñecido para gran parte da sociedade. O seu compoñente terapéutico resulta fundamental para lograr a máxima efectividade á hora de actuar en beneficio dos menores nunha situación de ingreso hospitalario, enriquecendo a atención asistencial integral que reciben os pacientes pediátricos do CHUS cun equipo multidisciplinar que atende a estes pacientes todo o ano.

O método de traballo combinado na súa faceta lúdico-pedagóxica na área de pediatría vese condicionado polas diferentes patoloxías dos pacientes, o seu diagnóstico clínico e as consecuencias derivadas da medicación ou da propia enfermidade dos nenos. Á súa vez, as circunstancias sociofamiliares que rodean cada situación obrigan a abordar cada caso de forma individual.

A este respecto, Federico Martinón, xefe do Servizo de Pediatría da área sanitaria compostelá, manifestou que “grazas a este acordo con *Jealsa* os nenos ingresados no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela beneficianse do apoio á excelencia asistencial integral tanto para os nenos como para as súas familias”.

Pola súa banda, Margarita Hermo, directora de Relacións Institucionais de *Jealsa*, destaca que “hai estudos que demostran que un ambiente hospitalario agradable, con debuxos alegres, favorece moitísimo o estado de ánimo do paciente pediátrico, e un estado de ánimo positivo axuda a soportar a enfermidade, tanto aos propios nenos e nenas enfermos como ás súas familias. Este proxecto encaixa perfectamente cun dos piares fundamentais da nosa política de colaboración social: axudar na mellora das condicións de vida dos máis pequenos. Queremos felicitar tanto ao equipo de pediatría como á dirección do CHUS por esta iniciativa e agradecer que nos convidaran a formar parte”, destaca Hermo.

Saúdos

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela
Travesía da Choupana s/n
T. 981 950 023 // 981 950 967
Prensa.santiago@sergas.es
xxisantiago.sergas.gal